



R lanza o seu e-SIM, o cartón virtual seguro, sostible e integrado no móbil

- *R lanza o seu novo cartón e-SIM, integrado no dispositivo, sen plástico e sen esperas.*
- *Permite activar plans de datos no estranxeiro, conectarse con el en máis dun dispositivo ou levar dous números no mesmo terminal.*
- *Se o móbil é compatible, o e-SIM de R pódese activar gratuitamente en calquera tenda física do operador galego.*
- *O novo iPhone 17, que funciona exclusivamente con e-SIM no modelo Iphone Air, xa está dispoñible en R*

Venres, 3 de outubro de 2025.- R dá máis un paso no seu compromiso coa innovación e a sostibilidade lanzando o seu **cartón e-SIM** ('*embedded SIM*' ou SIM integrado), solución 100 % dixital que prescinde do plástico e se integra directamente no dispositivo móbil.

O camiño iniciado polos 'nano SIM', cada vez máis pequenos, culmina agora co SIM virtual. Este avance tecnolóxico permite gozar dunha experiencia de conectividade máis áxil, segura e respectuosa co medio ambiente, sen necesidade de inserir unha tarxeta física nin esperar por duplicados ou portabilidades.

Máis conectividade, menos plástico

Co e-SIM de R pódese configurar a conexión en múltiples dispositivos, polo que **xa non é preciso compartir os datos do móbil** cunha tableta, portátil ou reloxo intelixente, nin depender de redes wifi compartidas para conectarse.

Ao mesmo tempo, o e-SIM permítelles aos/ás clientes/as de R **conectarse temporalmente a operadores locais** e activar plans de datos noutros países sen cambiar o SIM principal, o que mellora a experiencia de viaxe ao evitaren a incomodidade de cambiar cartóns cando volten a España, por exemplo.

Grazas a esta tecnoloxía tamén é posible ter **dous números nun mesmo terminal**, solución axeitada para quen combinan vida persoal e profesional nun só dispositivo.

Privacidade, seguridade e sostibilidade

O e-SIM aplica **estándares de seguridade avanzados para garantir a protección** dos datos persoais e das comunicacións. E ao eliminar o transporte físico e o uso de materiais plásticos contribúe a **reducir o impacto ambiental**, en sintonía cos obxectivos de sostibilidade de **R**.

Como o cartón virtual non require espazo —ao contrario do SIM tradicional—, os dispositivos poden incorporar melloras como baterías máis potentes ou maior resistencia á auga.



Como activar o e-SIM de R

Para activar o e-SIM abonda con comprobar que **o terminal é compatible** (nos axustes do teléfono: *redes móbiles, datos móbiles ou conexións*) e acudir a calquera tenda **R** de Galicia. O persoal de tenda realizará o cambio **de xeito gratuíto** e faralle chegar ao/á cliente/a un **código QR** que deberá escanear para configurar o seu perfil dixital.

Unha vez activado o e-SIM pode retirarse o cartón físico, se o desexamos.

Máis información e guía paso a paso en <https://mundo-r.com/es/ayuda-clientes/esim>

e-SIM no iPhone 17, xa en R

O novo iPhone 17, que funciona exclusivamente con e-SIM no modelo *iPhone Air*, xa está dispoñible no catálogo de **R**. Outra aposta pola conectividade do futuro á que **R** se suma, máis unha vez.

comunicación R
prensa@mundo-r.net
R.gal